

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia , Administracións Públicas, a Amtega e a Universidade de Santiago de Compostela para continuar os traballos do Portal Xurídico Galego e da Base de Datos de Lexislación Galega Consolidada.

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará co Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Amtega e a Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre o Parlamento, as diferentes consellerías participantes da Xunta de Galicia, a Amtega e a USC, para continuar os traballos de consolidación e actualización da normativa xurídica galega e da incorporación doutras normas de ámbito estatal en galego (Código civil, Código penal, Lei de axuizamento civil...) e, así mesmo, dotar o portal xurídico doutros recursos e da información xurídica de relevancia para o público en xeral.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que as partes consideran como referente normativo básico da súa actuación a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a



lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega, o Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a normalización do galego, e o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego, coa pretensión de que, ao aumentar a presenza do galego na estrutura das relacións xurídicas, económicas e mercantís, sirva de efecto multiplicador no resto da poboación xa que se trata dun sector fundamental no funcionamento das sociedades modernas e de grande influencia e prestixio no mundo de hoxe.

Que as partes asinantes coa finalidade de promover e fomentar o uso do galego en todos os ámbitos da sociedade, levarán a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos sociais compartidos, xa que, como resultado do desenvolvemento deste proxecto a sociedade galega en xeral terá acceso a un recurso telemático, denominado Portal xurídico galego e base de datos de lexislación galega consolidada, Lex.gal., que deberá ter continuidade no tempo para dar resposta ás necesidades do conxunto da sociedade galega e, para ter actualizado o coñecemento xurídico- normativo e lingüístico .

Que a imposibilidade de promover a concorrência pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver pola Universidade de Santiago de Compostela ao abeiro deste convenio, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e a cultura galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por



Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de marzo de 2017.

